



nota de prensa

Veciñanza considera insuficiente o convenio e o investimento para a reforma do Centro de Saúde

Trátase dun investimento insuficiente que deixa patente o trato discriminatorio da Consellaría de Sanidade con respecto aos veciños e veciñas de Cuntis. Asíñase, ademais, mentres as dúas administracións son incapaces de culminar a transferencia da titularidade do Centro de Saúde, o que faría que o Concello non tivese que asumir un gasto que lle corresponde integramente ao Goberno Galego.

Cuntis. 24 de novembro de 2018

O Concello de Cuntis e maila Consellaría de Sanidade veñen de asinar un convenio para executar certas reformas estruturais no Centro de Saúde da vila. **Certamente, o inmovible presenta carencias sobre as que é preciso intervir o antes posible.** Reformas que adapten o edificio ás necesidades tanto funcionais como en materia, por exemplo, de accesibilidade. **Neste sentido Veciñanza valora positivamente a iniciativa, pero esta non pode deixar de considerarse insuficiente.** Trátase dun parche electoralista da Xunta de Galicia que ofrece para tratar de lavar a súa imaxe e o trato discriminatorio que mantén cos veciños e veciñas de Cuntis. **Un parche que responde, sen dúbida, á presión exercida por medio das mobilizacións deste ano por unha atención sanitaria digna e pola reposición do servizo de pediatría.**

O convenio en cuestión asíñase pola irrisoria cantidade de 25.000 euros, dos cales **a Xunta de Galicia aporta tan só 12.500 €.** O compromiso do Goberno Galego coa atención sanitaria no noso municipio redúcese a unha **achega tan limitada que non fará posible solucionar integralmente as necesidades que presenta.**

Non se pode esquecer tampouco que este convenio asíñase mentres seguimos agardando a que as dúas administracións (Concello de Cuntis e Xunta de Galicia) culminen **a interminable transferencia da titularidade do centro.** Foron moitas as iniciativas aprobadas no pleno municipal neste sentido, entre elas varias de Veciñanza, para que a Consellaría de Sanidade fixese co Centro de Saúde de Cuntis exactamente o mesmo que vén facendo noutros moitos concellos do País: asumir a súa titularidade. Desta maneira sería o Goberno Galego quen tería que asumir integramente os custes das intervencións de mantemento e reformas necesarias, **e aforraría o Concello de Cuntis, xa que logo, a achega que ten que facer para este convenio.**



nota de prensa

Veciñanza aposta pola xestión eficaz para **transferir dunha vez o Centro de Saúde e que sexa o Goberno Galego, titular das competencias de Sanidade, quen se faga cargo do mantemento necesario das súas infraestruturas.** Os parches electoralistas da Xunta de Galicia non resoven as carencias reais.